

Presentación do número

O traballo en rede é, nas sociedades contemporáneas, unha fonte de posibilidades e unha necesidade en si mesma. O movemento da Educación Ambiental non fica alleo a esta tendencia, mais ben está a alimentala desde a reflexión e a práctica socioeducativa.

Neste duplo número da revista ambientalMENTEsustentable estase a recoller aportacións teóricas de autoras e autores sobre o sentido profundo da sustentabilidade ambiental, como expresión da democracia e como práctica; neste sentido, preséntase unha revisión da Educación Ambiental como acción política, na que os suxectos son actores na transformación das sociedades e dos estilos de vida.

Recóllense tamen as traxectorias de traballo e as boas prácticas nas que se evidencia a interconexión entre investigación e acción, ou o que chamamos transferencia do coñecemento, nos que o traballo coordinado coa poboación local tradúcese na conservación e manexo de especies e dos seus hábitats (das aves de praia migratorias e do mico-león-dourado).

O traballo en rede é quen alimentou iniciativas como a Conferencia Internacional Infanto-xuvenil celebrada no ano 2010 en Brasilia, na que escolares de todo o mundo propoñen medidas para coidar o Planeta e combatir o cambio climático, ou como o Proxecto Fenix a través do cal os galegos e galegas poideron participar na avaliación da Estratexia Galega de Educación Ambiental e marcar novos retos.

Por último, preséntanse experiencias de traballo en rede en tres continentes, con distintas metodoloxías, temáticas, obxectivos e actores: experiencias desde México co alumnado da secundaria para valorar os recursos hídricos utilizando a xeomática, o estudo da incidencia do turismo en países insulares africanos como Cabo Verde e San Tomé e Príncipe, e a experiencia da recente plataforma creada polas asociacións de Educación Ambiental no Estado español.

Pechamos o número cos acordos aos que chegaron os máis xóvenes de 53 países en Brasilia, nos que propoñen asumir responsabilidades para coidar o Planeta.

Consello de Dirección